

EXERCICIOS DE REPASO

Responde ás seguintes preguntas:

1. Que nocións expresa a voz media grega ?
2. Definición de comedia.
3. En que períodos se divide a comedia grega?
4. Quen é o máximo representante da comedia antiga?
5. Que é un drama satírico?
6. Cal é a función social da muller en Grecia?
7. Que diferenzas hai entre a educación ateniense e a espartana?
8. Como se transcriben os ditongos gregos ao galego?
9. Como se representa en galego o espírito áspero grego?
10. Descubre a orixe grega das seguintes palabras:
autonomía, hidroterapia, monarquía, poligamia, taquicardia, termómetro.
11. Que compostos se forman cos seguintes grupos de dúas palabras:
 - a) πέντε 'cinco' + γωνία 'ángulo';
 - b) μισέω 'odiar' + ἄνθρωπος 'persoa'.